# Ligazóns (BlogRoll)

Imos ver como relacionarnos con outros blogues utilizando LIGAZÓNS (BlogRoll). Os enlaces cohesionan a comunidade dos blogues, utilízaos para favorecer as visitas entre distintos blogues amigos.

1. Entramos na pantalla de Administración do xeito habitual. Prememos na pestana Ligazóns...




2. Prememos sobre Engadir Ligazón...




3. No campo Nome escribimos o texto que se asociará coa ligazón, o campo Enderezo escribimos a URL do blogue (ou páxina) que nos interese...



4. Para  localizar a URL abrimos unha nova ventana no navegador. Cando cheguemos á páxina de interese, copiamos a URL que figura na barra de direccións. Copiamos....




5. Voltamos á ventana de Administración e pegamos a URL no campo Enderezo...




6. Podemos engadir unha descripción da páxina que aparecerá ao situar o cursor sobre o enlace...



7. Nos marcadores tamén hai categorías. O seu significado é o mesmo que as categorías de posts: a organización dos elementos. Abrimos o menú Categorías e creamos unha de xeito inmediato escribindo o seu nome e  premendo Engadir...




8. Asignamos a ligazón á categoría creada e pechamos Categorías...




9. Abrimos o menú Destiño e na lista de opcións seleccionamos _blank se queremos que ao abrir o enlace apareza nunha nova ventana ou calquera das outras para que se abra na ventana onde estabamos. Logo pechamos o menú Destiño...



10. Abrimos o menú Visíbel. Aquí podemos elexir se a ligazón será visible ou non (se seleccionamos non, quedaría como unha especie de borrador). Agora prememos Engadir Ligazón...




11. Voltamos ao blogue premendo en Ver sitio...




12. Vemos a categoría creada e o elemento Blogue de Pedro incluída nela. Prememos sobre a ligazón Blogue de Pedro...



13. Ábrese unha nova ventana amosando a páxina coa URL que tiñamos establecida. Voltamos ao noso blogue. Voltamos a Administración premendo en Administrar na barra de botóns...




14. Prememos na pestana Ligazóns...




15. Aparece unha lista coa relación de ligazóns e as súas características. Na columna Acción podemos escoller entre Borrar a ligazón ou Editar...



16. Nesta pantalla podemos facer os cambios que queiramos (como se estiveramos no momento en que creamos a ligazón). Como exemplo, retiramos a ligazón da categoría Marcadores...




17. Abrimos o menú Destiño e seleccionamos Ningunha para que se abra a ligazón na mesma ventana que o blogue e prememos en Gardar Cambios...




18. Para ver os cambios efectuados, prememos en Ver sitio...



19. Vemos os cambios producidos. Prememos sobre Blogue de Pedro...




20. Aparece o blogue de Pedro na mesma ventana onde antes tiñamos o noso blogue.




Recorda: os enlaces cohesionan a comunidade de blogues, utilízaos para favorecer as visitas entre distintos blogues amigos que complementen ou participen dos teus intereses.